

NUM. 12

25-VIII-22

**nós.**

CASTELÃO

# NÓS

## BOLETÍN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGÃO DA SOCIEDADE "NÓS."

### DIREITOR:

Vicente Risco

### REDAUTOR XEFE:

Xavier Prado(Lameiro)

### SEGREDARIO DA REDAUCIÓN:

Xulio Gallego

### REDAUTORES:

Ramón Cabanillas, Alfonso R. Castelao, Antón Losada Diéguez, Ramón Otero Pedrayo,  
Florentino L. Cuevillas, Leuter González Salgado

### XERENTE:

Arturo Noguero

### SUB-XERENTE

Alfonso V. Monxardín

### COLABORADORES:

Teixeira de Pascoaes, Johan Viqueira, Philéas Lebesgue, Leonardo Rodríguez, Antón Villar  
Ponte, Wenceslao Fernández Flórez, Xaime Quintanilla, Antón Noriega Varela, Gonzalo  
Abente, Manoel Banet Fontela, Lois Peña Novo, Eladio Rodríguez González, Ernesto Rivera,  
Marqués de Figueroa, Antón Palacios, Leonardo Coimbra, Amador Villar, Alvaro Cebreiro  
Alexandre de Córdova, J. Cervantes Rodríguez, Xulio A. Cuevillas, Victoriano Taibo, Xulio  
Prieto, Xosé Fernández Martínez, Farruco Lamas, etc., etc.

---

## REDUCIÓN Y-ADEMINISTRACIÓN

### Padre Feixóo, 12

---

### ABONAMENTO

|                                                 |           |
|-------------------------------------------------|-----------|
| Doce números, na Península. . . . .             | 6 ptas.   |
| Na Arxentina. . . . .                           | 6 pesos   |
| En Cuba . . . . .                               | 3 dólares |
| Números atrasados 1 petas. Número sóto, 60 cts. |           |

Iste boletín non publica mais orixinais que os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. —Tam pouco se fai solidario das ideas n-elas emitidas, non sendo dos que por non iren firmados, enténdense que son da Redacción.

---

## SUMARIO

### Nota da Redacción.

*Alalás da noite de San Xoán*, por EUXENIO MONTES.

*O Filósofo de Tuy*, por XAN AZNAR.

*Cubismo*, por CASTELAO.

*Pra facer un feitiço....*, por FERMIN BOUZA BRY.

*Seición Arqueolóxica*, por FLORENTINO L. CUEVILLAS.

*Notas financeiras*, por ARTURO NOGUERO.

*Notas deportivas*, por GOAL.

*Os homes, os feitos, as verbas*, pol-a REDAUCIÓN.

*Aviso ós lectores.*

*Fóra de texto: Dibuño*, por CASTELAO. *Fotografías* de SAMANIEGO.

NOS

**SAMANIEGO** ♦ **FOTÓGRAFO DE MODA**

**Luis Espada, núm. 13 - OURENSE**

**MANUEL SEOANE**

**AXENCIA DE FERROCARRILES**

*Madeiras labradas de todas clases*

*:-: :-:*

*Mércanse APEAS pra minas*

**Ponte Mayor - OURENSE**

FAGA AS SUAS OPERACIÓIS COMERCIALES

CO' AS CASAS QUE S'ANUNCIEN NO

**NOS**

**BANCO DE VIGO**

FUNDADO EN 1900

**CASA CENTRAL VIGO.**—Sucursales e axencias en OURENSE, PONTEVEDRA, SANTIAGO, VILLAGARCIA, MONFORTE NOVA, BARCO DE VALDEORRAS, CARBALLIÑO, CELANOVA, CHANTADA, LA ESTREDA, MARIN, RIBADAVIA, VERIN

Tén Axentes e Corresponsaes no Reino yo Estranxeiro, especialmente nas Américas  
*Realiza toda cras d'operaciós de Banca e Bolsa en xeneral. Ademite contas correntes e depósitos polos que abona os intreses siguientes:*

CONTAS CORRENTES á vista. . . . . 2 %

DEPOSITOS a 1 mes prazo. . . . . 2 1/2 %

» a 3 » » . . . . . 3 %

» a 6 » » . . . . . 3 1/2 %

» a 12 » » . . . . . 4 %

En CAIXA DE AFORROS deica 10 000 ptas. 3 1/2 %

**LUIS GALLEGU-Procador**

**DASE PRESA NO DESPACHO DE TODA CRAS D'ASUNTOS**

**LUIS ESPADA, NÚMERO 9.-OURENSE**

NOS

# MANUEL PEÑA REY

ESPECIALISTA EN PARTOS E DOENZAS PROPIAS DA MULHER

DEIXOU DE PERTENECER DEND' O MES DE XUNIO

Ó SANATORIO QUIRÚRGICO D' OURENSE

E CONTINÚA NA SUA CLÍNICA

NA CALLE DE LUIS ESPADA, 21-2.º

ONDE RECIBE A CONSULTA E FAI ESPRORACIÓNS E TRATAMENTOS C' OS

## RAYOS X

Merquen: PLUMEIROS DE RAFIA "PERILLE,,

OS DE MAIS DURA, OS QUE MILLOR LIMPAM, OS MAIS ECONÓMICOS

BOAS UTILIDADES OS REVENDEDORES

FABRICANTE

ANDRÉS PERILLE

OURENSE (España)

Clave A. B. C., 5.ª edición

REPRESENTANTE N - A ARGENTINA

JOSÉ MARTÍN

Calle Venezuela, 991

BUENOS AIRES

## Casa "PERILLE,,

FERRETERIA :: LOUZA :: CRISTAL

MOEBLES ECONOMEÇOS E DE LUXO

FRABICACION DE COLCHOS PATENTADOS

Vostede pode montar a sua casa con solo visitar iste establecimiento, obtendo o maximum d' economia.

Paz NÓVOA, 9 - OURENSE



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGAO  
DA SOCIEDADE "NÓS,,

Ano III

Ourense 25 de Agosto 1922

Núm. 12

**NÓS** chegou á findal-a sua primeira serie de doce números. Non imos dicir o qu' elo repersenta d' esforzo pacienzudo e persistente, d' eixemprar sacrificio, de fé endexamáis decencionada nos destinos da Raza e da cultura galega, por parte dos editores.

Durante todo iste tempo, non deixou NÓS un instante de traballar pol-o cumprimento da tarefa que dend' o principio se propuxera, nin de recadar pra elo a contribución dos mais doados pra daren ó Pobo Galego un meirande coñecimento das cousas que ten de seu, e mais pra marcarlle o camiño do que debe chegar a ser.

A crecente demanda, que nos obriga a aumental-a tirada a cada novo número, dinos ben que non imos descamiñados e que o boletín NÓS responde a unha necesidade fondamente sentida no noso País.

Elo obríganos tamén a persistirmos no noso esforzo e a intensificalo aínda. NÓS fai pol-o tanto eiquí un chamamento pra que contribúan á nosa obra todos aqueles que queiran que o noso boletín siga sendo en Galiza unha afirmación d' enxebrismo, unha revelación das nósas posibilidades pr' o futuro e un órgano de relación antr' o pensamento galego e o pensamento dos pobos cultos.

LISTA DOS SOCIOS DE NÚMARO DA SOCIEDADE "NÓS"

D. RAMÓN OTERO PEDRAYO  
D. ARTURO NOGUEROL BUJÁN  
D. VICENTE RISCO  
D. ALFONSO R. CASTELAO  
D. ANTÓN LOUSADA DIÉGUES  
D. RAMÓN VILLAR PONTE  
EXCMO. SR. D. LEONARDO RODRÍGUEZ  
D. XOSÉ CALVIÑO MARIÑO  
D. ANTÓN VILLAR PONTE  
D. FRANCISCO LAMAS

# ALALÁS DA NOITE DE S. XOÁN

Por Eugenio MONTES

... A Ramón CABANILLAS

## Pol-o mar abaixo

Pol-o mar abaixo, pol-o mar arriba,  
Pol-o mar abaixo  
Pol-o mar arriba  
Ven layándose un vento mareiro  
Al le re le le lo  
Traí bágoas nos ollos  
Cubrindoille toda a faciana e os cabelos.

No mar embaixo  
No mar arriba  
Párate, vento mareiro:  
Pra darehe ledicias  
Trouxen meu pandeiro,  
Vento mareiro que fumas en pipa  
Párate vento mareiro.

## Dend' o outo d' un picouto

Dend' o outo d' un picouto  
Un aturuxo caí no val  
Ujuju, el ujuju  
Picotean n-ll  
Todal-as galiñas e galos do lugar  
Probe aturuxo, ujuju, solo fai chorar  
Probe aturuxo, el ju ju ju, solo fai chorar.

## Margarida que vas pro muíño

Margarida que vas pro muíño  
Lalalo al lalala  
Margarida chégate acá  
Margarida que vas pro muíño  
Pousa á veira do meu teu fol  
Os sapos escoltan e din cro cro  
Non hai galán, Margarida  
Non hai galán n-esta Terra  
Capaz de moer ó so!.

## Collín unha estrela ferida

Collín unha estrela ferida  
Ton ton ton porrou ton  
Collín unha estrela ferida  
E quítedlle as plumas  
E n-unha gayola, al lelelo  
Ton porrou ton  
Ben mantida, ben bebida  
Ben mantida, ben bebida  
Funlle curando a ferida  
E a estrela botouse a cantar  
E a estrela botouse a cantar  
Al lalala, al la la lá.  
E cando xa estivo curada  
Ton porrou ton  
Abrínlle á mañá a gayola  
Abrínlle á mañá a gayola  
A-al la lá  
E a estrela botouse a voar  
Si. E a estrela botouse a voar  
Al lelelo, ton, ton, ton porrou ton  
A estrela botouse a voar.  
Al lalala.

## Alalá do Pellingrín

No camiño de Sant' Yago  
Esquecín o meu bordón  
E na poula d' un carballo  
Perdín o meu enrazón.  
Perdín o curazón meu  
Pro traígo a cabaza  
Al la la le le lo  
Chea de salayos  
E as cunchas cheas de perdós  
Von chamar n-iso castelo  
Señor dos cen capusayos.  
O' rubila e ó baixala  
A costúa de Canedo  
Ouvin a un carabel  
Berrando n-un penedo  
Tra la lá, tra la le lo...  
Ouvin a un carabel  
Berrando n-un penedo.

## Eu quero ter unha púa

Eu quero ter unha púa,  
Lálirili,  
Eu quero ter unha púa  
Heina d' ir mercar á vila  
Si ali mona hai, á eida.  
Eu quero ter unha púa  
Pra tocar a guitarra en rayolas de lúa.  
Al lerele, al la-ra-lá.  
Pra tocar a guitarra en rayolas de lúa.

## Pol-as corredeiras lispidas...

Pol-as corredeiras  
Lispidas, encoiradas,  
Pol-as corredeiras que van boca a baixo  
Pol-as corredeiras que trepan e choutan  
Pol-as corredeiras  
Lispidas, encoiradas,  
Molladas de lúa que lamben o chao.  
Al lelelo, l-al lelelo  
Al lelelo, l-al lalala.  
Baixan as cantigas  
Xa desguedalladas  
As loiras cantigas  
Cansas, sofocadas.  
As cantigas mozas  
Como os marifeiros  
Con pinchos de toxos  
Feridas, tatuadas  
Al lelelo, l-al lelelo  
Al lelelo, l-al lalala.

Baixan as cantigas  
Pol-as corredeiras  
que lamben o chao  
Baixan as cantigas  
Collidas da mao.



# O FILÓSOFO DE TUY



«: Este traballo é unha versión previa que vai diante da tradución, a principio no número que cen, do tratado *Quod nihil scitur*, do eminente filósofo galego Francisco Sánchez, feita pol-o cultísimo profesor do Instituto d'Ourense, D. Xan Aznar Ponte. É a primeira que máis un Península, e NOS obtivo as primeiras da súa publicación »: »: »: »:



moitos halles causar sorpresa o título d'iste artigo, e cecais qu' o seu espírito sonría escépticamente ó leelo. Un filósofo galego?... N-outro tempo xa ido felizmente, estranaba ouvir falar de filósofos hespañoles, e moito máis, d'unha filosofía nazonal. Hoxe aínda, pra moitísimos galegos é unha revelación ouviren nombrar a un pensador nado na súa terra. E nada menos que se trata d'unha das grandes figuras do Renacemento filosófico no que Hespaña participou tan intensamente coma no renacemento artístico e literario, producindo tres personalidades tan orixinaes e barudas com'o valenciano Xan Luís Vives, o extremeño Pedro de Valencia e o galego Francisco Sánchez. Tres nomes qu'íles solos abundan pra nazonalizar a filosofía n-un país.

Espritos apaixonados, rebeldes, inquedos e aventureiros, máis que ningún o galego Francisco Sánchez, son os verdadeiros iniciadores da reforma filosófica, cuia paternidade atribuíse á Descartes. Rebeldes ó ferreo dogmatismo da filosofía tradicional da Idade Media, na que foran educados, e que non satisfacía ó seu espírito, coñecedores ó mesmo tempo das ideas e teorías da antigüidade grega, principalmente traguidas ó ambiente por obra e gracia dos humanistas; ideas e teorías opostas e contradiutorias entre si e moito máis aínda coa filosofía medieval, caíron en gran recelo e desconfianza tocantes ás ideas admitidas tradicionalmente coma verdadeiras, vindo parar n-un resolto escepticismo tocantes á toda filosofía e ciencia. Mais, espíritos refrainsivos e sinceramente apaixonados pol-a sabencia, non podían ficar na postura escéptica doada e cómoda, senon que negando e dudando a filosofía do seu tempo, encamiñaron a súa refrusión car'o estudo do coñecemento mesmo, sinalando a súa orixe, leis de desenvolvemento e límites, sendo n-iste senso, sobre todo Luís Vives e Pedro de

Valencia, verdadeiros filósofos críticos e académicos, descendentes d'Arcesilao e precursores de Kant. Francisco Sánchez deu un paso máis. Escéptico no tocantes á ciencia do seu tempo, inicia, com'os discípulos d'Enesidemo, unha dirección positivista e neokantiana<sup>(1)</sup>. Crítica a filosofía escolástica, da que compre ceibarse pra que libre d'ela o espírito, poda ollar directamente as cousas en si mesmas, levando pra elo os dous únicos instrumentos, o esprimento e máis o xuício, capaces de producir ciencia. O lema ou bandeira de Francisco Sánchez é: *guerra ó siloxismo; paso á indución*.

A personalidade qu'a nós hoxe nos interesa estudar, é a d'iste médico e filósofo galego, Francisco Sánchez. A súa obra, igual qu'a súa persoa, estiveron moito tempo na sombra, máis que nada na nosa patria. Déronse a estudala os estranxeiros. Un d'íles, Henry-Pierre Cazac, determinou pra sempre as datas principais da súa vida e o lugar da súa nacementa, respecto do que eran as opinións opostas coma se deduz da bibliografía qu'en col de Sánchez temos. Na nosa patria analizou brillantísimamente a súa obra filosófica D. Marcelino Menéndez Pelayo nos seus *Ensayos de crítica filosófica* (cap. II *De los orígenes del criticismo y del escepticismo y especialmente de los precursores españoles de Kant*), mais a súa obra, o intresantísimo tratado *Quod nihil scitur*, sigue descoñecido, sendo moito máis citado do que leído, a causa de non haber ningunha versión ó castelán. Compre dalo a coñecer. Elo ha contribuir a tiralo prexuício de que nós premañecemos aleixados da xeneral axitación do pensamento, e, ó leermos xa o seu prólogo, sentiremonos levados a comparalo con Descartes, o home da dúbida sistemática, o innovador da filosofía, coma se ten repetido xa d'abondo. Alí hemos ver a Sánchez exercitando o mesmo método, pondo

(1) Menéndez Pelayo, *Ensayos de crítica filosófica*, Madrid, 1918.

en dúbida total-as cousas, coma si mesmo nos di na introdución coma si endexamáis por ningún foran ditas.

Traducírmolos e darmos a coñecer na súa terra a obra filosófica do insigne pensador, tal é o noso empeño. A súa importancia non parez que se poda discutir. Poderase discutir, criticar e desbotar o escepticismo, no terreo da especulación; e pol-o mesmo, atopar desbotabel o escepticismo do noso pensador; mais sería empeño vano descoñecer historicamente a importancia de tal sistema e negarllle a obra que tratamos de dar a coñecer na nosa lingua, cando ademais ela ten o mérito indiscutíbel de ser precursora do método positivo y-esprimental da ciencia moderna.

Hai aínda máis. «Pobo que non sabe a súa historia, é pobo condenado a irrevocabel morte». O mesmo pódese dicir do individuo; individuo, *eu* que non recorda, é *eu* valeiro, abocado á morte. Suprimámo-la memoria y-en certo senso aniquilámo-la *eu*; vede o que pasa cando esquecemos algo; somella coma si nos esgazan o *eu*, e d'el vén a cobiza coa qu'ollamos car'o pasado e o queremos lembrar; é o instinto de conservación espiritual, a posesión de nós mesmos. Canto millor e máis doadamente lembramos, canto millor memoria temos, máis fortes somos mentalmente e máis afirmámo-la nosa personalidade. Mirando car'o pasado é coma adequirimos enerxía d'abondo pra continual-a nosa vida. A memoria é o sostén da personalidade. Máximense os casos da súa perda, e veranse os efectos antívitas do esquecemento. Pois ben, podemos dicir qu'a historia é á un pobo, o qu'a memoria ó individuo. Os pobos, coñecendo e lembrando a súa historia é com'adequieren enerxía d'abondo pra seguiren facéndoa. Isto pasa en calquer orde de feitos e o mesmo na filosofía. Podemos considerá-la humanidade pensadora com'un solo individuo, e así com'iste pra seguir pensando ten que lembrar o xa pensado e mantelo com'en depósito na memoria, así os pobos han lembrá-lo seus feitos pra seguiren autuando, vigorizándose co pasado. No dominio da filosofía e da especulación que é o qu'a nós nos importa, convén que lembremos o noso pasado, a nosa historia filosófica (que si a tivemos, coma a tiveron todos os pobos, y-o negala non é máis que inoralá) pra qu'así vigorice-mol-a nosa intelixencia e d'iste xeito seguirmos pensando e aclarando o noso porvir filosófico.

Vexamos agora primeiro cales foron:

#### A vida e as obras de Francisco Sánchez

Ó tratarmos d'escribir, xiquera sexa moi sumariamente, a vida do escéptico galego, xa non temos que principar coma fixo Pierre Cazac, dicindo que «apenas é doado atopar, tocantes á súa patria e ó lugar onde naceu, así como á data da súa vinda ó mundo, algúns escritores que nos seus pareceres anden conformes, non digo os ús cos outros, senon aínda consigo mesmos», pois, gracias á súa pacenciosa investigación, que deu por resultado a descuberta de preciosos documentos, podemos afirmar cal foi o lugar e a data do seu nacemento e morte, quedando d'iste xeito desvañecida a esvexidade e confusión que respecto d'estes puntos reinaba ant'os seus biógrafos.

Aténdonos, logo, ó resultado das investigacións de H. P. Cazac<sup>(1)</sup> podemos dicir que Francisco Sánchez viu a luz por vez primeira na cidade de Tuy (*Civitas Tudensis*), na segunda metade do ano 1550. A escrarecer esta data, qu'enantes era a de 1562, deducida do que se di na *Patinianna*<sup>(2)</sup> que morreu en Tolouse ós 70 anos, en 1632, veu un precioso documento descuberto por M. Boschach, no libro de defuncións da Basílica de N.-D.-La Daurade que fixa a data esauta do seu falecemento en Novembre (Santos) de 1623, ós 73 anos<sup>(3)</sup>, foi por conseguinte o seu nacemento no ano de 1550.

Qu'era natural de Tuy próba-lo mesmo, ó se chamar hespañol, *Hispanus*, e non portugués, *Lusitanus*, en tres inscricións escritas, datadas e firmadas da súa man propia<sup>(4)</sup> coma di Cazac, de ningún xeito pudo trabucar esta calidade de hespañol co título xa moi distinto enton, cando non oposto, de *Lusitanus*. Ademais, nas súas obras, ó se referir a portugueses, nonos confunde nunca cos seus patríanos, reservando pra estes a calificación de *Hispani*, namentras qu'a aqueles chámalles *Lusitani*. Por conseguinte, s'í se chamou á si mesmo *Hispanus*, foi evidentemente por abuso, qu'os seus biógrafos—esquecendo ou descoñecendo as antigas circunscricións romanas y-ecclesiásticas das Hespañas—procurárono *Lusitanus*, portugués, co pretexto de qu'era *Bracarense*, ou sexa natural do antigo dominio metropolitano da provincia e archidiócesis de Braga (Galiza).

(1) *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos*, Julio y Agosto 1904. *El lugar de origen y las fechas del nacimiento y defunción del filósofo Francisco Sánchez*.

(2) Guy Patin, *Nundaeana et Patinianna*, Paris, 1701.

(3) Henry-Pierre Cazac, ob. cit.

(4) *Registre des Actes de la Faculté de Médecine en l'Université de Montpellier* Vid. Cazac.

En resume, concruye Cazac, primeiro, Francisco Sánchez non era portugués, senon hespañol, il mesmo afirmou y-aprobouno. Segundo, naceu na segunda metade do ano 1550 e na cidade episcopal e galega de Tuy, asegún il mesmo decraron espresamente; e non pode ser que se trate eiquí d'outro lugar do mesmo nome: os índices xeográficos non mencionan, en efeuto, outro pobo algún qu' así se chame; naceu, pois, na cidade hespañola de Tuy, que foi primitivamente sufragánea de Braga e que, asegún refire La Martinière, levaba o título de cidade: *civitas Tudensis*.

Fillo d'un médico de gran valer, Antón Sánchez (1), Francisco fixo os seus primeiros estudos en Braga, marchando logo co seu pai pra Burdeos en 1562, por motivos que se non indican, máis qu' algo habían ter que ver coa sua condición de cristiano novo (2), y-entra no colexio de Guyenne onde Montaigne fora discípulo (3). Os 19 anos sal pra Italia, residindo en Roma, onde foi máis ben com' estudante que non coma turista. Eiquí o futuro autor do *Quod nihil scitur* ponse ó corrente das teorías escolásticas que con tanto apaixoamento había refutar (4). Voltó a Francia, graduouse de Doutor en Meicina no mes de Santiago de 1574, na Universidade de Montpellier (5). D' eiquí obrigárono a marchar as guerras de relixión, indo a fixar a sua residencia en Tolosa, en 1575, onde viviu exercendo a Meicina y-escribiu as suas obras. En 1585 nomeárono Rexente da Facultade d' Artes; ensinou enton filosofía por vintecinco anos e foi agregado coma médico no Hotel-Dieu. En 1610 fixérono Profesor da Facultade de Meicina. Morreu o 16 de Santos de 1623.

Francisco Sánchez foi home de fecundisimo enxeño; as suas obras agrúpanse na edición máis completa (6), en obras de meicina e de filosofía. Somentes citaremos estas derradeiras:

*De longitudine et brevitate vitae liber.*  
*In lib. Aristotelis Physicomorum commentaria.*  
*De distinctione per sonum ad Aristotelen.*  
*Quod nihil scitur liber*

A máis importante de todas, a que fixo que se lle chamara o escéptico, é o tratado *Quod nihil scitur*.

Conécense d' esta obra catro edicións:

A primeira de 1581: *Quod nihil scitur. Lugduni, apud Gryphum*.

D' ela elisten en París dous eixemplares nas bibliotecas Mazarine e Sainte-Geneviève; un en Versalles, outro na biblioteca da Universidade de Montpellier, tres no British Museum.

A segunda edición é de 1618.

A terceira é a que forma parte da xa citada edición completa de 1636.

Haí unha coarta edición cos outros tres tratados filosóficos, *Rotterdam, Ex officina Arnoldi Leers*, 1649; é a edición máis estendida e sobr' a que fixémos-a nosa tradución.

O filósofo escéptico, remítenos a miúdo no trascurso do seu tratado a moitos que non chegaron á nós.

Son o opúsculo *examen rerum* e o *De anima*, xuntamente c' un terceiro escrito en castelán de que falan Guy Patin (1) e máis Moreri: *Del Método universal de las ciencias*, no que Sánchez daría a parte costrutiva da sua filosofía, máis que desgraciadamente non se pudo atopar.

Namentras na Francia, se non esquecida, quedou a obra do escéptico sen abranguer aquela importancia da que pol-o seu contido era merecente, na Alemaña chamou máis a atención pra ser decididamente criticada; contra d' ela apareceron escritos com' o d' Ulrich Wildius, *Quod aliquid scitur* e o de Daniel Gartmark, que reedita o tratado do Sánchez ó qu' opón a sua crítica; aparece a obra baixo o título *Sánchez aliquid sciens* (2). Mais con todo, o noso pensador non foi rigurosamente estudado e comprendido deica modernamente. Foron Gerzkath (3) na Alemaña, Teophilo Braga (4) en Portugal e Menéndez Pelayo na Hespaña (5).

XAN AZNAR.

(1) *Elogio de Francisco Sánchez* per su discípulo Delasens, ó frente da edición das suas obras Tolosae Tectosagum, 1636.

(2) Menéndez Pelayo, *ob. cit.* pág. 178.

(3) Emilien Sanchet, *Essai sur la Méthode de Francisco Sánchez*, Paris, 1904, Introduction.

(4) Idem, *id.*

(5) *Registre des Actes de la Faculté de Médecine de l' Université de Montpellier*.

(6) *Opera medica et philosophica Fr. Sánchez*, Tolosae Tectosagum, apud Petrum Bose typographum, in-4.º, 1636.

(1) «O seu librito titulado *Quod nihil scitur* e moi fermoso. O seu tratado *De distinctione per sonum* val o seu peso en ouro. Fixo tamén un libro hespañol: *Del Método universal de las ciencias*, que é moi douto». *Ob. cit.*

(2) Emilien Sanchet, *loc. cit.*

(3) Franz Sánchez, *Ein Beitrag zur Geschichte der philosophischen Bewegungen in Anfange der neueren Zeit*, Wien, 1920.

(4) *Questões de Literatura e Arte portuguesa*, Lisboa, 1881.

(5) Principalmente nos *Ensaços de Crítica Filosófica*, Madrid, 1918, de páx. 178 a 206.



# CUBISMO



(Conclusión)

## Platón e o cubismo

D' un diálogo:

«*Filébo*.—¿E ós artistas que non van máis alá d' unha simple imitación, desdenárialos?»

«*Sócrates*.—Eu poño n-un rango inferior, pero aínda honorabel se a súa imitación é perfecta. O que modele o meu busto tal como se ve; o que, aínda cos meus rasgos, model-a miña y-alma namorada do ben; aínda o que, contr' as miñas imperfeccións, saca de min a imaxe da miña sabiduría, son tres homes designaís en mérito, pero todos notables e cada un según a perfección realizada do corpo, da y-alma ou do espírito. Ista esqueira do mérito artístico pode servírnos pra clasificar os praceres: os primeiros son os que nós temos en común co' as bestas; os segundos son os que temos en común cos homes bós; os terceiros son os que temos en común cos deuses, porque os deuses representan a perfección, soyo ouxeto dos nosos desexos.»<sup>(1)</sup>

D' outro diálogo:

«*Protarco*.—¿Cales son os praceres, Sócrates, que se poden ter por verdadeiros?»

«*Sócrates*.—Son os que teñen por ouxeto as boas cores e as boas figuras, a maior parte dos arrecendores e dos sonidos, todos aqueles cuxa privanza non é nin sensíbel nin dórosa; pero que o goce d' eles vai en compañía d' unha sensación agradable sen ningunha mestura de dór.»

«*Protarco*.—¿Cómo debemos entender iso, Sócrates?»

«*Sócrates*.—Xa que non comprendes axiña vou esplicarcho: pr'a beleza das figuras eu prescindirei do que a maioría poldera maxinarse; por exemplo, os fermosos corpos e as boas pinturas. Mais eu quero falarche do qu' é reuto e circular e das obras d' iste xénero, planos e sólidos traballados en roda, así coma das obras feitas co' a regra ou co cartabón, se ti comprendes o meu pensamento, pois eu sosteño qu' istas figuras non son, com' as outras, belas por comparación, senon qu' elas son sempre belas por si mesmas, qu' elas precuran certos praceres que lle son propios e que non teñen

nada semellante cos praceres producidos pol-as cóchegas. Eu dig' o mesmo das fermosas cores que teñen unha beleza do mesmo xénero e dos praceres que lle son propios. ¿Enténdesme ti agora?»<sup>(1)</sup>

«O cubismo non ten outra filosofía», dí un dos seus adeptos.»

## O arte de non saber pintar

Velahi o título desacougador que leva o capítulo d' unha obra de Paul-Gustave Van Heck<sup>(2)</sup> e que il soyo abonda pra faguernos meditar. Certamente o saber pintar non dona título d' artista e un virtuoso do aceite de liñaza non é máis que un artesán habilidoso. Mais eu coído que os cultivadores do *neo-plasticismo* que chegan á falar d' un *esfuerzo xcolázico* pra calificar o seu traballo, nin teñen fe nin estimulantes d' orden moral vivindo coma viven, cuase todos íles, na súa *torre de aceiro*, ollando unhas loitas pol-o melloramento da vida, no que ten de material e non pol-o que ten d' espiritual. Con verbas d' un *cubista* podería preguntárselles: «¿Onde está a vosa relixión, vós que arelades, ó xeito dos primitivos, construír un arte: espello onde se fite a vida exterior e interior e que sexa ornamento do voso tempo?» Mais iste traballo meu non é de crítica senón d' disposición de ideas alleas.

¡O arte de non saber pintar! Compre esquecer o *arte* de pintar (con minúscula); mais é dificultoso esquecerlo. «Compre moito talento pra esquecer o talento».

Coma nós estamos cangados c' unha instrución e c' un atavismo artístico, fállanos arriscamento pra sermos ingratos co' a educación recibida dos nósos devanceiros e mestres; «tal sería como se un fillo d' unha nobre familia, chegado a probe, queimase os títulos e vendese as medallas». Mais cumpre desenraizarse pra volverse un home novo, pra testimonial-as calidades da raza e facel-a renacer d' ise xeito.

«Á veira da obra conscente e intelixente, saída da cencia e do xenio, ó mesmo tempo

(1) Traducido d' unha crónica de Peladan publicada na *Revue hebdomadaire* de París.

(2) Traducida d' unha páxina de *Cubisme e Tradition* por Lonce Rosenbers, París.

(3) *Pour réparer le retard et le malentendu*, Bruselas, 1921.

tradicionalista e revolucionaria, o arte de non saber pintar constitue un elemento de purificación e de rexuvenecimento. «Non ven sendo iso coma o folklore diante d'un museo moderno, com'a cantiga popular diante da música rusa, com'o circo e os seus clowns diante do teatro d'Arte? Il é a y-alma limpa, inmediata, primitiva e bárbara, sen artificios, que chegaría ó ritmo e ó estilo pol-o soyo rebuscamento na vida simple e natural».

#### Estado actual do Cubismo

Xa dixemos que non se trata d'unha revolución e si d'unha evolución constante. Pol-o d'hoje trátase de buscar un Arte conforme ó tempo que prevemos. O mesmo Picasso con André Lhote, Le Fauconnier e outros, xa deixaron o cubismo pra seguir camiños novos; artistas contemporáneos dos cubistas e animados do mesmo espírito—Derain, Vlaminck, Dufresne, Othon Friesz, etc.—aparecen, tamén, com'os construtores d'un arte novo «pol-a forma e ritmos simplificados e sintéticos» sen que fixesen endexamais *cubismo*. O cubismo foi máis que nada unha disciplina necesaria ó arte francés e por entendela así tivo aquil gran animador poeta Guillaume Apollinaire que non chegou á sere o Marinetti do futurismo italiano. «O cubismo non morre en beleza» e sigue desacougando ós xóvenes artistas que ollan ó mañán. Agora ben; ise mesmo espírito novo chegado á Alemaña producen o *Expressionismus*, que é o aporte ó Arte da psicoloxía moderna, deductiva e abstracta, unha destilación sintética dos instintos. A teoría do cubismo ten un intrínseco universal y-en cada país civilizado colle o aspecto que lle corresponde.

Con todo aínda non morreu o cubismo puro e se Picasso desertou, en troques Branque élle fidel. Iste cubismo puro sigue producindo obras e desacougos e discusións.

#### O cubismo puro

Parécenos á nós que moito máis intresante que as obras é a teoría, e canto levamos dito sería d'abondo pra decatármolos do espírito do arte posibel de mañán, é decir, do que xa se chama *espírito novo*; máis compre que deamos remate á iste traballo c'un resume das teorías de Gleizes pra defendel-o cubismo puro (1).

Seguind'o camiño de Cézanne, que quería facer do impresionismo un Arte de museo, a pintura d'hoje non vai car' o clasicismo, pero

si car' a tradición. A nosa época é favorable ás máis grandes comprensións.

«Vivimos n-un tempo análogo ó período merovinxio e carolinxio. A nosa situación é a mesma que no século IX na Francia». Un aglomerado sintético humán—espírito francés—orgaízase e alíva o rompimento do clasicismo greco-romano. O seu desenvolvemento arquitectural afínase nas influencias bizantinas que persisten. Hoxe as influencias marcadas do eslavismo na nova formación sintética fana máis completa, máis humán que no século IX.

O que se chama Cubismo non é unha de tantas escolas que se poidan considerar *a priori* coma un sistema fora da pintura. Se se cabila friamente pra comprobala as transformacións materiais y-espirituales que xa sufren, transformacións fundamentais, sacárianse outras conclusións.

Duas correntes saíron de dúas fontes diferentes e abonda un pouco de boa fe e de bós ollos pra percibilas: unha formada pol-o esforzo de Braque e Picasso; a outra por Metzinger, Léger, Le Fauconnier, Delaunay e Gleizes. Novas relacións contribuíron ó encontro fatal d'istas dúas correntes que forman hoxe o río común e único que se coñece baix'o nome de Cubismo.

Ó primeiro d'iste esforzo os pintores mesmos non souperon espricar o seu arte. O máis que decían era que significaba unha aspiración de construír, un vago presentimento de organizacións diferentes das ademitidas oficialmente.

Os pintores teñen cada vez máis o presentimento das construcións. Indubidabelmente hai leises eternas qu'ordenan a obra d'arte como hai leises eternas qu'ordenan o corpo humán; mais ¿ulas? ¿Quen-as conservou? ¿As escolas d'Artes-belas? ¿A anarquía, mala conselleira, dos grupos independentes? ¿Os Museos, sen atopar n-iles o fio conductor?

No comenzo, os cubistas insistíron sobor da escritura dos cubos. Axíña ista violenta eisaxe-ración non-os deixou satisfeitos e pouco a pouco foi perdendo intensidade. Os volumes borráronse, esmagáronse na superficie da tela. O movemento escultural calu ó chán.

A penetración de planos e de volumes ocupou o espírito dos pintores. A presentación cinematográfica dos oxectos retívoo por algún tempo. O estudio das dimensións tívoo doentes e aeito perdíanse en digresións sobor d'isto, hastra chegaren á falar da coartá dimensión. A segunda fase d'iste movemento entretívoo n-iste sarillo.

Velabí as teorías:

*Identidade*.—A pintura é o arte d'animar

(1) *Du Cubisme et des moyens de le comprendre* par Albert Gleizes.—Editions La Cote, Paris, 1921.

unha superficie chán. A superficie chán é un mundo con dúas dimensións e querer darlle unha terceira sería desnaturalizala na súa esencia mesma.

A pintura ten dúas dimensións; a escultura ten tres. O escultor ten tres dimensións tanxibles pr' o traballo; o pintor debe pintar sómentes n-as dúas dimensións que ten a superficie.

A vida da superficie depende d' ista evidencia, e fora d' isto non hai máis que aparencia.

*Luz.*—Unha superficie chán non é visíbel máis que cando a luz nol-amostra.

A organización da pintura á transfigurada pol-a luz.

O pintor non debe iñorar a influencia da luz sobor da superficie pintada.

Unha rayola de sol cae n-un muro e velahí que se anima; pois a luz natural non desfai a súa identidade. Que unha rayola de sol caya enriba d'un cadro onde o erro da terceira dimensión lle faga ter a ilusión d' unha luz verdadeira e velahí com' o cadro s'afunde; pois ista rayola de sol non coñece os convencionallismos.

Que unha rayola de sol caya enriba d'un cadro pintado en dúas dimensións e velahí com' o cadro enriquecese lóxicamente con ista luz.

*Posición da obra pintada.*—A obra d' arte é unha manifestación espiritual concreta.

A verdade d' unha obra d' arte preséntase ó espeutador mesmamente en sentido contrario da percepción que ten do mundo exterior real.

Na realidade do mundo exterior é primeiramente o aspecto físico dos corpos que choca ós sentidos. O espírito está escondido, misterioso e fai falla un esforzo pra velo.

Na obra d' arte o primeiro que choca é o espírito. O aspecto físico está agachado, misterioso e fai falla un esforzo pra velo.

A pintura non é unha imitación do oxecto.

A realidade do mundo exterior s'irvelle de punto de partida; pero dispois deixa ista realidade pra ir ó espírito.

*Verdade da pintura.*—Se a pintura debe sere imitación, a máis fermosa pintura sería a que nos amostrase un espello repetindo tal ou cal aspecto da natureza.

Se a pintura debe sere interpretación, a máis fermosa pintura sería a que nos amostrase un espello cóncavo ou conveiso organizado según certas vountades déformantes.

¿Non é contrario á razón que un cadro chamado a sere colocado á carón de oxectos con tres dimensións queira continuar na ilusión óptica, istas tres dimensións en lugar de sere o que é?

*Realismo.*—Querer evitár o realismo das formas complexas caendo no realismo das formas elementaes é un erro que s' espalla. O probrema non fica resolto renunciando á pintar o corpo humán pra pintar sómentes cilindros ou coadros.

Se o artista que pinta d' un xeito académico naturas mortas, renuncia de súpeto ós seus asuntos favoritos pra s' apaixonar por asuntos compostos de cubos, cilindros e planchas, il pintaralos co'a perspectiva óptica e co'a luz convencional.

Moitos cadros cubistas non son máis que o produto d' iste troque. Non se fixo máis que renunciar á certos asuntos. O punto de vista realista é sempre evidente.

Pol-a estrutura interna e non pol-as aparencias é coma se cheg' á verdade, que sempre está máis lonxe que todo realismo.

*Modernismo.*—Non se pode decir qu' unha mazán é máis vella que unha máquina.

Cando unha pintura alcanza o seu fin, non se pode decir que é moderna; ela é fatal. A fatalidade non é moderna senón eterna.

O asunto d' orixen non ten importancia en si. Todol-os alimentos asimilados pol-o estómago convírtense en sangue.

Faguer vivir unha pintura por elementos modernos e non orgaizalos seguindo as regras da creación é ficar no impresionismo e na descripción.

*Dinamismo.*—Falar de dinamismo cando se trata d' unha obra pintada é confesar que non se renuncia á ilusión óptica.

Un cadro é unha manifestación silenciosa e queda. O movemento que provoca non pode eistir máis que no espírito do espeutador; mais na superficie chán non teremos endexamáis ningún movemento.

As influencias das formas determinan un movemento no espírito do pintor; mais iste movemento non ten nada de común co'a movibilidade dos corpos.

Unha fror é inmóvil; forzas exteriores poden movela, pero non por iso deixará de sere menos estática. Iste movemento élle alleo e varía según a calidade de cada espeutador.

Pois eisi é un cadro.

*Estructura.*—A estrutura interna d' un cadro é da mesma natureza que todal-as formacións naturaes, mineraes, vexetaes e orgánicas.

A obra d' arte non é comandada pol-a fantasía e a divagación. Ela obedece á certas constantes e non pode facelo máis que no orde e no método.

Ela ten un esqueleto qu' está apuntalado

pol-as grandes directivas de liñas esenciaes, órganos que son as divisións da superficie e que dependen os uns dos outros, unha carne que é a cór, unha pulpa que é materia.

O corpo da composición que se desenvolve ó redor d'un nó xenerador é cerrado com'un corpo, com'unha frota, com'unha cristalización.

**Equilibrio.**—A lei da que se desprenden os outros principios na constitución d'un cadro é a lei do equilibrio.

A ilustración máis elemental d'ista lei é a simetría; máis a simetría non é a primeira expresión do equilibrio. Da mesma maneira que hai tres equilibrios recoñecidos centíficamente no orde natural, o equilibrio do cadro pode realizarse sobor d'ista verdade.

Como nos platos da balanza pódense equilibrar un kilo de plomo e un kilo de pluma, e así tamén pódese restablecer o equilibrio de dúas formas designaes pol-os valores coreados dos que un as viste. Pódese tamén, coma na orde natural, equilibrar unha forma por precipitacións de formas máis pequenas ou pesos inferiores.

**Córes.**—O cadro batido pol-a luz loita co'as tebras. Non hai, pois, razón pra facer alianza co'as tebras.

Na verdade do cadro sometido ás propiedades da superficie, os craesuros e grisalles non facerían máis que opoñerse á espasión d'ista verdade.

As córes que o pintor emprega son d'unha verdade centífica que ningún pode contradecir, son valores puros ou relativamente puros rexidos pol-a luz. Asegún que tal materia teña a propiedade de reter certos elementos da luz, parécenos roxa, verde, azul, etc.

Usar istas materias, respectando a súa pureza, é pintar co'a luz mesma. Compreendendo as relacións das córes entre si é com'o pintor poder combinalas de tal xeito que os anacos de superficie recubertos por elas, tomarán distancias asegún as leises d'ista superficie.

Manténdose fidel á ista superficie haberá un espacio que de ningunha maneira pode pretender a ilusión do espacio natural. O pintor terá reconstituído os planos de fondura, non por adaptación ocular senón por un equivalente complementario da superficie. Istes planos de fondura serán calitativos e non cantitativos.

**Leises da Beleza.**—A beleza d'unha pintura resulta da íntima cooperación de elementos calitativos e cantitativos. Os calitativos, ou de amor, son: inspiración, elención dos elementos sintéticos e sensibilidade. Os cantitativos, ou de construción, son: apreciación da superficie,

coñecimento dos principios d'equilibrio, cencia da lei das *charpentes* e cencia dos contrastes coreados.

Asegún que un conxunto d'istes elementos predomine, a obra pintada incrinarase ó gusto ou á friaxe. Cando hai equilibrio a obra é bela.

Os elementos cantitativos están baix'o control do individuo; os elementos calitativos son a expresión directa da esencia da súa persoalidade feita de valores psíquicos incomensurables com'os elementos cantitativos d'un organismo humano son controlables namentras que as calidades fuxen a toda espricación.

**Saber ollar unha pintura.**—Hoxe as xentes miden a calidade d'unha pintura pol-o seu poder de *trompel-œil*: «Esta auga cola, iste persoaxe está vivo»... Mais nin y-auga cola, nin o persoaxe vive... Cando o traballo de ilusión dá releve, din: «E maravilloso, saíse do cadro». Pr'os máis delicados abonda un asunto gracioso, pra outros unha eseca que ince o sentimentalismo, pra outros máis delatados, un refinamento de cór, un brillo de tonos. Hai algúns penetrados da esperanza da especulación comercial que se chaman *amateurs*.

A comprensión d'unha obra pictural faise en dúas etapas: primeiro pol-os sentidos, logo pol-o espírito.

A obra pintada está orgaizada coma calquera organismo. Com'as cousas naturais, primeiro desperta un intrínseco sensorial; os ollos regálanse sen saber porqué. Atópanse diante d'un cadro como diante d'unha frota da que non coñecen o misterio, máis que lles gusta... Os ollos non se fan preguntas á si mesmos, non evocan ningunha lembranza, nin se preguntan porque ela non s'imita a nada do qu'iles coñecen.

Cando os ollos fican satisfeitos xa pode o cerebro estudar a estrutura y-entregarse a toda clase d'analogías. E velahí com'o cadro entregárase espiritualmente.

Un corpo, unha frota, son orgaizaciós que obedecen á mesma lei que o Universo e son, pois, pequenos universos. O cadro concebido seguíndo a lei d'istas orgaizaciós será un pequeno universo tamén.

O home que deprenda a gustalo sentirá isa noción relixiosa que provocou no humano a aparición da manifestación artística pintada.

**Resume.**—A pintura e mail-a escultura son funcións da arquitectura. A arquitectura comanda estes dous xeitos de expresión. O esqueleto da arquitectura de mañán fúranos os ollos, é visíbel nas construcións utilitarias do noso tempo. O que foi chamado cubismo contén os

elementos do que será mañán a grande pintura decorativa, da mesma maneira que sobre as leis das pontes de ferro faceranse as catedraes futuras.

#### Remate

Moito máis podíamos traducir e zugar do dito libro de Gleizes coma do que iste artista

cubista escribiu en colaboración co seu colega Xoan Metzinger o ano 1912; máis co que val dito cálculo que abonda xa.

Pol-a miña conta ben pouco teño que dicir. En París farteime de ollar pinturas y-esculturas dos máis sonados mestres do cubismo e...

CASTELAO

## PRA FACER UN FEITIZO....

*Sabugueiro da folla repinicada  
pol-o Mayo estralando de brancas frores,  
collereiche un ramallo na madrugada  
pra facer un feitiço pros meus amores.*

*Que non fuxan os melros que fan o niño  
no máis mesto curruncho dos teus verdores:  
esgañareiche as ponlas moy a modiño  
pra facer un feitiço pros meus amores.*

*Cocereiche con cornos de bacaloura,  
con fiuncho e con ruda dos arredores  
da ermida feituqueira da Virxen loura  
pra facer un feitiço pros meus amores.*

*Pra este amor, sabugueiro, que me entolece  
tuas frores segura menciña son,  
que ti tamén froreces cando frorece,  
bermelliño de rosas, meu corazón.*

FERMIN BOUZA BREY

## SEICIÓN ARQUEOLÓXICA

O CASTRO "A CIBDADE,"  
EN SAN CIPRIÁN DE LAS

## RECAPITULACION

**N**O número 10 d'ista revista, e despois de dar conta das eseuclonás mensuras d'iste castro e de describir as suas defensas, anunciabamos o noso propósito d'emprendermos n-il escavaciós encamiñadas a averiguar si o seu recinto era simplemente un sitio de refuxio, ou si polo contrario, e como parecía indicalo seu nome, gardaba baixo das carpazas que cobren o seu chau, restos d' antigas edificacións.

Os traballos foron efektivamente emprendidos no mes d'Abril, mais o temporal d'augas e neves que reinou na nosa provincia por aqueles días fíxonos suspender ás nosas tarefas apenas comenzadas, sendo así e todo suficientes pra que no número seguinte, comunicáramos ós nosos leutores a aparición na parte máis outa do castro de restos de edificacións reutangulares, e pra que pudéramos así mesmo reutilizar o erro consinado no noso primeiro artigo ó considerarmos o máis exterior dos amontonamentos que arrodean o recinto com'a escarpa do foso, cando en realidade, e asegún podemos comprobar por medio de pequenas zaxas esporatorias, trátase d'outra muralla do mesmo ancho e xeito costrutivo que as duas interiores.

Posteriormente podemos tamén observar no lado do nacente das defensas un angulo entrante que afenta os dous muros máis esternos e que coidamos será a indicación d'unha entrada do castro feita en forma d'embudo a maneira das mencionadas pol-o Sr. Gómez Moreno no seu estudio sobre arqueoloxía primitiva da rexión do Douro (1).

Queda pol-o tanto sentado que «A Cibdade»

estaba protexida por tres muros defensivos, provistos ó parecer d'unha soila porta, muros que formaban tres recintos concéntricos, que nomearemos, contando de fora adentro, 1.º, 2.º e 3.º recintos, con ouxeto de facilitar a sua desinación.

As escavaciós

Pasado o mal tempo, causas alleas á nosa vontade impedíronos continuar os traballos comenzados hastra ben entrado o Xunio y-enton e despois de descombrar a edificación reutangular de que denantes falamos, diriximos as escavaciós ó espacio comprendido entr'a segunda e a terceira muralla, vasto recinto cheo de pedras labradas e de pequenos levantamentos do terreo que resultaron como pensabamos craros denunciadores da presenza de ben conservados fondos d'habitaciós.

O motivo de desprazar o lugar dos traballos, foi o noso intrés por determinar no menos tempo posibre a importancia do sitio ouxeto do noso estudio buscando por meio d'esploraciós preliminares unha impresión de conxunto que a máis de servirnos de guía pra escavación sistemática do castro, permitiranos adiantar algunha opinión cronolóxica e establecer comparanzas cos lugares semellantes estudados en Portugal e Galiza.

A costrución reutangular do 3.º recinto

Como denantes dixemos foi n-ista parte do castro onde emprendiamos a traballar no Abril, e n-ela y-a pouco de comenzada a apertura das zaxas tropeizamos c'unha parede, e seguindo o desmonte rente a ela e pol-os dous lados púxose ó descuberto unha costrución casi cadrada, feita de pedras cuio tamaño chega a un metro 50 centímetros, labradas toscamente pero formando nos ángulos aristas agudas e ben escadradas.

As mensuras d'ista costrución son as siguin-

(1) - Boletín de la Academia de la Historia, T-XLV, páxina 147.

tes: Lado mor, 4 metros 60 centímetros. Lado pequeno, 4 metros 24 centímetros. Ancho uniforme da parede, 0'54 metros.

Ista construción, presenta na parte máis baixa da parede pequena que mira ó nacente, unha fura de 0'15 metros d'abertura, de forma arredondeada e que comunica c'un rego feito na roca nativa.

A existencia d'ista fura fíxonos sospeltar si tal construción estaría destinada a maneira de tanque ou reservorio d'auga pr'algun uso doméstico ou industrial, sospeita que parece confirmar o feito d'atoparse dentro e fora das suas paredes moi poucos restos cerámicos que aparecen en troques ben bastos nos fondos d'habitacións de que imos falar no párrafo seguinte.

#### **Os fondos d'habitacións do 2.º recinto**

Na parte NE. d'iste recinto e despois de desabregar n'algun sitios, podemos descubrir as intrinsecas construcións que imos describir seguidamente.

Abarcando un espazo rectangular de 20 metros por 35, esténdese un muro que debeu ter escasa altura construído con pedras pequenas e mal labradas e presentando na parte do W. unha solución de continuidade que cícals serviría d'entrada. As esquinas do tal valado aparecen redondeadas com'as que se ven nas casas non circulares da citania portuguesa de Britelros.

No recinto limitado por iste valado temos atopado polo d'agora catro fondos d'habitacións de forma elíptica con paredes de cachote pequeno e de boa labra. Valeiradas completamente dúas d'elas apareceron asentadas sobre dos penedos do monte e sin sinais de fogar nin de pedra central furada tan frecuente nas citanias do N. de Portugal. As mensuras d'istas dúas habitacións son as seguintes: Na primeira catro metros d'eixe mór, tres e medio no pequeno e 66 centímetros d'ancho de parede, e na segunda dous metros once centímetros no eixe mór, e dous metros cinco centímetros no pequeno, c'unha parede de 43 centímetros. Na mór d'istas habitacións aparecen inteiro o umbral da porta, moi semellante ós atopados no monte Tecla (1) e formado por tres pedras, presentando ós dous extremos unhas buratos onde debían xirar as follas da porta, montadas a maneira dos nosos cancelos, entre istos dous buratos corría un batiente e preto d'il estaba a fura pra un pecho.

Iste umbral así com'a metade da casa pe-

quena foron esborallados unha noite, seguramente pol-a mau d'algun estúpido buscador de tesouros; pois dende que comenzaron as escavacións todas as consellas de diñeiro atado, encantamentos, trabes d'ouro e d'alquitrán, fadas e vellos barbudos, que sempre van unidas a istos lugares chamados pol-os paisanos de mourería, corren com'a cousa certa pol-as aldeas veciñas do castro sin qu'as amonestacións de presos tan cultas e prestixiosas com' o cura párroco y-o maestro d'Ourantes sean suficientes pra arrincar das testas campesinas tan plintorescas com'a pra nós perigosas creencias.

#### **Os achádegos**

A pesar de que as nosas esportacións fixéronse n-unha extensión de terreo moi pequena tivemos a sorte de sacar á luz do día bastantes ouxetos, que apareceron na sua mór parte, a unha fondura de 90 centímetros, pousados n-unha capa de terra escura misturados con carbóns, cinzas e anacos de ganga de fundición do ferro, que se alcontran muy bastos, revelando cícals a existencia d'unha industria metalúrxica, da que polo demáis non descubrimos máis qu'iste vestixio.

#### **Ouxetos de metal**

Poucos e probes foron os atopados hastra hoxe. Redúcense, a máis de varios cachos de ferro, comidos polo óxido, a un adorno de bronce en forma de pendiente, liso, de sección cilíndrica e adelgazado car'os extremos que en vez de unirse dan volta hastra tocar ó aro. Iste exemplar é igual a outro existente no Museo Arqueolóxico d'Ourense e qu'allí está crasificado coma romano.

#### **Ouxetos de vidro**

Temos alcontrado unha pequena doa esférica, feita de pasta verdosa moi opaca e de fabricación ordinaria, e a metade d'outra doa igualmente esférica pero de pasta fina, polida e brillante; o seu cor e verde craro e ten incrustados ollos con faixas azues e brancas. Pertence ista última a un tipo moi frecuente en Francia no La Tene I e II anque é algo diferente a distribución dos coores.

#### **Ouxetos de pedra**

No interior d'unha das habitacións valeiradas e preto da parede atopamos un muiño de mau idéntico ós aparecidos no Tecla y en moitos castros da nosa rexión. Na parte exterior d'ista habitación foi encontrado un poste pare-

(1) Ignacio Calvo.—*El Monte de Santa Tecla*, Lámina X.




DETALLE D'UNHA CASÁ CIRCULAR



PEDRA CILÍNDRICA ESCULPIDA




UNHA DAS CASAS CIRCULARES




TESTOS DE CERÁMICA DECORADA

Fotografía de SAMANIEGO



ADORNO DE BRONCE E DOAS DE VIDRO

Fotografia de SAMANIEGO



*¿Qué tan ises rapaciños?*

*Pois ollan unha fidalguíña toda esmirriadiña que ven de fora a tomar aires e que xoga con monecos feos.*

*A fidalguíña ben quixera enredar cos rapaciños; mais a súa nai non quér que deprenda verbas galegas.*

*O outro día a fidalguíña dixo «funcho», e a súa nai berroulle moito.*

*—¿Y como se dice, mamaita?*

*E a nai non soupo como se chama o funcho en castelán...*

CASTELAO

cido ós que se ven en Briteiros e Sabroso, pero tendo a particularidade de presentar na parte superior esculpida unha estrela de seis puntas, variante da representación da roda solar moi usada n-as estelas funerarias da época romana.

### Cerámica

Apareceron testos de xerros, feitos algúns a torno e os máis a man e presentando estes últimos decoracións estampadas consistentes nos tan característicos círculos concéntricos, en dibuxos en S frecuentes tamén en Galicia e N. de Portugal, e cuxa coincidencia co'as cerámicas bretonas sinalou Dechelette<sup>(1)</sup> y-en unha especie de flores estilizadas moi orixinaes. Apareceron tamén unha pesa de tear e unha fusayola bicónica, e de cacharrería romana sómentes poucos anacos de tegulas, unha asa d'unha ánfora e un trociño de barro sigilado.

### Moedas

Sólo foi atopado un gran bronce autónomo do Emperador Augusto.

### Conclusións

O yacimiento histórico que nos ocupa e de tal maneira característico que a pesar de non ter feito nas nosas esporacións máis que raiar unha mínima parte da súa superficie, atrevémonos xa a formular as seguintes conclusións:

1.ª Que a Cibdade pertence ó tipo de vilas

(1) *Manuel d'Archeologie prehistorique celtique et gallo-romaine*, 3.ª parte, pág. 1472.—Paris, 1914.

prehistóricas coñecidas en Portugal baixo o nome xenérico de citanias, estando demostrada a súa identidade, pol-o emprazamento no cume d'un monte, pol-a traza circular do recinto amurallado, pol-o predomínio das formas elípticas nas plantas das habitacións, pol-o arredondamento das esquinas nas construcións reutangulares e pol-a coincidencia das cerámicas.

2.ª Que a Cibdade debe colocarse seguindo a crasificación Bosch Gimpera<sup>(2)</sup> no grupo Norte da chamada civilización dos castros, pertencente á cultura post-hallstattica ibérica, debida según o citado autor ó pobo celta.

3.ª Que a Cibdade com'a mór parte das citanias portuguesas estivo habitada na época romana anque cremos moi posibre que fora abandonada pol-os seus habitantes despois das guerras cántabras.

### Pra terminar

Cómprenos facer presente agora a nosa imensa gratitude ós señores Pérez Coleman, Diéguez Novoa, Otero Pedrayo, R. Bouzo e Alonso-Cuevillas, que tan desinteresadamente veñen contribuíndo co seu diñeiro e os seus entusiasmos á realización dos traballos arqueolóxicos de que damos conta n-este artigo, así coma manifestar tamén o noso aceso recoñecemento ós señores de Tizón Aguiar cuxo pazo d'Eiras ofreceunos sempre co'a máis grande das xentilezas a súa espléndida e amabel hospitalidade.

FLORENTINO L. CUEVILLAS

(2) *Los Celtas y la Civilización Celta en la Península Ibérica*.—Madrid, 1921.

## NOTAS FINANCEIRAS

### O BANCO DESCONTO «PEDRO ROMERO Y HERMANOS»

**A** petición de moitos suscritores vamos a ocuparnos da suspensión de pagos do Banco de desconto supradito; pero sin dar o noso parecer en col d'iste asunto.

O día 19 de Noviembre do 1921 o Xuzgado precintou as portas do Banco de desconto «Pedro Romero y Hermanos», por non abrirense as

oficinas do mesmo y-estar o socio adeministrador y-os seus apoderados en iforado paradeiro. O mesmo día, e á hora de trece, según nota do actuario, dito Banco solicitou o declarasen en estado de suspensión de pagos, acompañando á súa istancia un resumen do seu activo e pasivo (cuyo activo sube a 14.228.126 pesetas; e no que figuran dúas minas de carbón valoradas en 70.000 y-en 250.000 pesetas respectivamente)

y-onha proposta d'arreglo firmada pol-o procurador, ó que non-o autoriza máis que pra presentar toda crás de escritos o poder que presentou, qu'está feito pol-o socio adeministrador D. Pedro Romero Cambón, morto xa fai anos.

O día 22 do citado mes presentou un escrito ó Xuzgado, de data dazanove, acompañando unha proposta d'arreglo, tamén de data dazanove, firmada pol-o socio adeministrador; y-onha acta, estendida n-un pliego de papel, na que aparecen xuntándose os socios y-acordando declarar o Banco en estado de suspensión de pagos. O día 23 apareceu o socio adeministrador e mandáronse levantar os precintos das portas do Banco.

O día 26 do mesmo mes, presentou o balance (cuyo activo e pasivo ascenden respectivamente a 19.256.723 y-a 18.274.877) pesetas) no que, pra que resultase superavit y-ós ollos dos acreedores aparecen bés supostos pra pagar total-as deudas, falseouse o pasivo non relacionando a miles d'acreedores n-as listas que han servir de base pra convocatoria e constitución da xunta; e no activo, rubiú o valor de ditas minas de carbón a 300.000 y-a 1.500.000 pesetas respectivamente e incriu n-il bés, estimados en máis de doce millóns de pesetas, que non lle pertencen e que son da propiedade particular dos socios.

Do balance resulta que o Banco apropiouse endevidamente dos cartos depositados e impostos n-as contas corrientes, pois a suma representada por istes esceme en varios millóns de pesetas d'o importe d'a reserva metálica (2<sup>a</sup>) e d'os valores en carteira realizados n-o prazo máisimo de noventa días.

O Xuzgado, sin a previa comprobación da certeza do balance, mediant' o eisamen dos libros de contabilidade, por auto de 26 de Noviem-

bre do 1921, declararon en estado de suspensión de pagos o Banco de desconto «Pedro Romero y Hermanos».

Cando pasou esto tod' o mundo lle botaba as culpas ó socio xestor; e pol-o gallo este agardábase que d'un momento outro os demais socios fíxesen uso dos seus dereitos e nomearen un co-adeministrador que intervisse as operacións do Banco; máis tales esperanzas desfíxéronse ante a pasividade dos socios, que se solidarizaron co socio adeministrador.

O día 29 do Marzal do 1922 pol-a fuga do socio adeministrador e por non facerse cargo da xerencia ningún dos outros socios, proceduse pol-o Xuzgado, en peza separada, á ocupación dos establecementos mercantís do Banco de desconto «Pedro Romero y Hermanos» y-acordouse a retención da súa correspondencia. Por providencia de 13 de Xunio, á instancia dos socios do Banco referido, mandouse entregar baixo inventario os establecementos mercantís ocupados y-a correspondencia detida no Xuzgado, on adeministrador provisional do Banco, nomeado en peza separada, que se iniciou o 1 de Abril do 1922.

*Efeitos xurídicos do supradito auto.*—A declaración en estado de suspensión de pagos ten o alcance de deixar en suspenso a plenitude dos dereitos dos acreedores deica que termine o expediente; pero non produce a inhabilitanza da entidade deudora, nin dos socios que a forman; e tampouco obsta pra que os acreedores d'istes (verdadeiros ou simulados) fagan efectivos os seus cretos c'os bés particulares d'aquelles, (que están estimados no balance en máis de doce millóns de pesetas), con grave perxuício dos acreedores do Banco suspenso, pois ditos bés están afectos ás resultas das operacións sociais.

ARTURO NOGUEROL

## NOTAS DEPORTIVAS

**C**EDENDO ós requerimentos do meu bó amigo D. Florentino Cuevillas, istándome a colaborar n-esta importante revista, decídome a enxergar estas liñas confiado na benevolencia do público c'os meus escritos, agradecendo a todos y-en especial ós directores do NOS o inmerecido honore que me fan. Cumprindo iste deber de cortesía pasa-

rei a ocuparme d'actualidade deportiva dentro e fora da Galiza, reseñando o que coma máis importante mereza os honores da publicidade.

Actualmente atravesa Galiza unha crisis lamentable pasando n-adurnia dos deportes.

O único que pode rexistrarse é a prouxima «Asamblea Nacional de Foot Ball» que se celebrará en Vigo y-os partidos que proyeuta a «Federación Gallega» pr'os días 1 e 7 de Xa-

neiro do ano 1923 antr' as seleccións galego-catalá, contando dende logo con que pra esa data estean reorgaizados en debida forma o *Vigo* e mais *Fortuna*, por ter regresado d' Africa o batallón de Murcia ó que pertencen varios xogadores d' ambos equipos. Pol-o demais salvo tres ou catro partidos de pouco intrín, nada pasou que mereza a pena de contar.

O *sucess* d' actualidade constituíe o contraste dos nosos valores deportivos cos americanos, ou mellor dito o intercambio deportivo hispano-americano, representado nos corredores arxentinos que fai pouco nos visitaron, y-a marcha da selección vasca pr' América do Sul.

Chegaron os primeiros á península pra tomar parte na carreira internacional das XII horas que se celebraron en Madrid formando un fado dos millores motormans sudamericanos antr' os que figuraba Rígantí, de recoñecida sona mundial pol-as suas fañas motoristas. Iste crasificouse no terceiro lugar da proba a causa d' unha avería que tivo a súa máquina e qu' infruiu grandementes no resultado, pois dado o ben que levou tod' a carreira no é aven-

turado asegurar que milloraría o seu posto. Os restantes corredores arxentinos Vaccario, D' Anunsio e Blanco, aínda que conqueiron crasificacións máis baixas, amosaron atoparse en forma, dando ademais a sensación de ser *ús virtuosos no cabalo d' acci*.

Tocantes á nosa representación n-América sabemos que a selección vasca vai animada dos millores deseos pra deixar en bó lugar o nome da Vasconia. Xogaron seis partidos cos arxentinos, dous cos uruguayos e dous cos brasileiros, coincidindo co' as festas do Centenario de aquela República. Aínda que penso com' o amigo *Handicap* de que o equipo vasco pudera millorarse, creo que o once enviado saberá representar dinamente á península obtendo novos triunfos.

Por distintas persoas que verán ditos partidos, prometéusenos unha longa informacéon cos resultados abranguidos pol-os vascos, informacéon que daremos a coñecer ós nosos lectores.

GOAL

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

### ASOREY

Farruco Asorey é o escultor de máis alma qu' hai na Península Ibérica. Pra nós, é o escultor da Raza. Cambados, a vila natal do insigne autor da *Naiciña*, pra celebrar os seus triunfos recentes, adicall' un homaxe, no que participan todol-os que teñen un nome na Galiza nova. NOS consiña iste feito con ledicia e xúntase ó homaxe de todo corazón.

### UN MANIFESTO

Damos eiquí os parágrafos esenciais do discutido manifesto estético d' Alvaro Cebreiro e Manoel Antonio:

#### O xesto

Non nos erguemos do xeito que o fan a maioría dos que n-outras terras pubrígan manifestos máis ou menos literarios...

Nós tencionamos tan só facer unha protesta forte, densa e implacabel contra os vellos.

#### Os vellos

Os vellos non son os que escribiron fai moitos anos—aqueles son os devanceiros. Os vellos son os que escriben hoxe como si vivisen no antonte dos séculos.

Ista gafualla, de ser leigada a si mesma, debéra irse, por exemplo, a Madrid, metrópoli peninsular da barbarie civilizada... non só non fan iso sinón que aínda teñen o pretendimento, de pasar por persoeiros da nosa cultura...

#### A nosa razón

Non é que nós adoezamos do tan estendido andacio de desbotar o vello por sistema e sin razón. E que xa vai tendo carácter crónico a atrofia de sensibilidade na maioría dos que escriben en galego... chegaremos a coidar sinón fracasado pol-o menos de remonta eficacia o actual movemento rexurdente na Galicia si non se consegue un troque radical no aspecto da nosa Literatura.

#### O ruralismo

Os nosos poetas, dendes os precursores até os seus herdeiros actuais, non sirviron máis que pra embrutecer o noso sentimento. Ista verdade, espallada ós catro ventos, sería o verdadeiro comenzo da loita xeneral galeguista.

E o máisimo crime de lesa patria é un verso d' ise xeito que pregoan as arráns da lagoa académica querendo impor o seu anacrónico croar por riba de toda voz nova, ceibe e ceibista.

## Os devanceiros

...Nós non admiramos a ningún nin nos coitamos inferiores a ningún. O noso respecto ven de que eles non tiveron culpa de haber vivido n-un tempo de choída incultura castelá.

...Nós non podemos ollar sin carraxe o baixo e noxento ruralismo de Losada... Nin a valdeiriz vervalista, importación madrileña e co' isto xa se di todo, de Curros.

Non podemos prestar a nosa loubanza... á «posse» do falso romantismo... que chegou a deslocar algunhas das páxas verdadeiramente nosas, grandes e persoas de Rosalía. Nin intre-sarnos pol-o estreito xeito de Pondal, que tan só pudo ser un imperceptible eco da grandiosidade dos rumorosos e da maxestosa paganía bárdica.

O herdo dos devanceiros redúcese pois a un exemplo de voutade e patriotismo...

## «Pollitos bien»

Comenzaremos invocando a Valle-Inclán.

Maestre: Chamámoslle maestre por ser vostede o «maestro» da Xuventude Imbécil de Galicia. Noso non... ise fato de cabezas focas, nenos «foulard e de rubi», engayolados pol-o innegábel prestixio da prosa e da ridícula min-tira d'unha epopeya aventureira que vostede, unha e outra, falsifica.

Sabemos que con intenciosos himnarios ó Gran Pontífice da Valdeireza en traxe de festa (Este Gran D. Ramón...) entran a estrago pol-a fala meseteira, con gran desprestixio d'ela, por certo...

...nos arrípiase o pensamento de que eles se coitasen chamados por istas nosas verbas de mocidade e chegase algún a desertar de la «lengua de Cervantes» pra vir a valdeirar na nosa Fala as producións do seu serrín encefálico.

## Tamén hai outros

Hai os que teñen algún valor e desmínteno espresándose en castelán. A estes só queremos recomendarlle que escriban en catalán, inglés ou francés. Estranxeira por estranxeira, val máis unha fala d'Europa que a da Meseta.

Hai os galegos capacitados pra vivir hoxe que, por rutina, seguen ollando pra atrás. Por que agardamos a súa conversión, só queremos dicirles que xa é hora.

Hai os d'unha certa crase derradeira, dos cales abonda con... non falar d' eles.

## Nós

...estamos moi lonxe de querer impor ningunha concreta lexislación estética.

Cansos xa de percorrer camiños vellos e fracasados, temos arrenegado de todos eles, pero non queremos sinalar un camiño determinado...

A Novidade que enxerguemos é tan só un arredamento, un ceibamento do pasado sin a definición da súa resultanza: isto é arbitrariamente persoal.

## NOS

E aquí compre que manifestemos a falla de creto que nos merece a gran parte dos novos «movementos» literarios e artísticos, con ningún dos cales, enténdase ben, queremos que se trabuque a nosa rebeldía.

## A Fala

Tamén nós temos, inda que n-outro orde, os nosos imperativos, e comenzamos pol-a máis agresiva intransixenza na Fala.

Unha fala que non estea pervertida por académicos nin por puristas; o seu estado ceibe permitirlle axeitarse a todas as novidades, a todos os variamentos porviristas que tome o noso gosto.

Pero hai aínda unha razón d'orde superno: a nosa Fala é nosa. Pospola a outra calquera, é unha forma do suicidio.

## Desbotando

Arrenegamos de mestres e dos seus consellos...

Arrenegamos da Lei e da Costume...

Arrenegamos dos temas obrigados. E vergoñoso falar da escravitude da Terra, mentras non se teña feito todo o que compre por anulala...

A literatura paisaxista é a maior calofia do noso paisaxe...

Arrenegamos de toda imitanza. A dos vellos en nome da Vida; a dos novos en nome da Novidade.

## Individualismo

Consagramos a individualidade até o extremo de desexar que a definición de cada un de nós sexa unha verba; o seu propio nome.

## LIBROS

## OS CATRO CISNES BRANCOS

por LOVEY CHISHOLM

tradución de MANOEL F. BARREIRO.

Pró segundo número de *Celtiga*, o culto escritor ferrolán Manoel F. Barreiro traduciu a versión que Lovey Chisholm fixo da vella leenda dos fillos de Lir, transformados en cisnes por mil anos no mar d'Eirín, deica que na Illa sonou a campaña do Santo Kemoc, qu'os libertou do encantamento e do maldado.

Galiza volve os ollos ó fin á sagrada tradición da Raza. A nosa xeneración principia a atopar cheas d'un sentido novo de vida e d'espranza as vellas leendas céltigas, e elo é o millor sinal. Manoel F. Barreiro sabe isto, e principia a tragar á obra a súa contribución valiosa.

## AS NOVELAS DE «CÉLTIGA»

SAUDADE

por JAIME QUINTANILLA.

No noso número derradeiro falamos da empresa editorial *Celtiga*, e aínda lle tocou de

facel-a crítica de dúas das publicacións que leva feito: *Alén* e *Mal de moitos*. Hoxe tócalle ás novelliñas mensuais da editorial ferrolán, da que o esforzo xeneroso de cultura popular, abrangue cada día un éxito meirande, que xa lle permite millorarl-as condicións tipográficas dos seus folletos e máis arrecadal-a colaboración dos artistas de máis sona pr' ilustralos. De xeito que *Celtiga* anúncianos xa, antr' outras cousas, a colaboración artística, antr' outros, do gran Sotomayor, coma tamén a literaria de Francisca Herrera Garrido, W. Fernández Flórez, Eladio Rodríguez González, Aurelio Ribalta, e a próxima publicación en galego de *Heróica cobardía*, a obra tan celebrada de Ramón Fernández Mato.

*Sanfede* do Quintanilla foi o primeiro volume da serie de novelliñas mensuais. O Quintanilla, que é unha das máis curiosas personalidades creadoras da renacemento galego, pol-a poderosa orixinalidade que manifesta en todas as súas cousas, pol-o múltiple das súas actividades e máis pol-a fondura do seu ollar d'artista, dá en *Sanfede* unha nota d'intensa poesía.

*Sanfede* é un poema en prosa, da millor prosa galega que temos lido. Iste poema ten tres cousas: un argumento romántico—un argumento calquera—que non ocupa nin a metade do libro; a descrición, descrición de mestre d'un pobo de pescantis, millor, de dous pobos rivaes; e unha chea d'inclusións líricas, que prolongan, intermedan ou creban o fío do sinxelo argumento, do que distraen coa súa poderosa beleza: *Cántiga lírica do mar*, *O Ronsel*, *Luz nas areias*...

Con máis temperamento do que método, o Quintanilla abrangue o que non abranguen moitos homes de disciplina xermánica. *Natura non fecit saltus*, mais o espírito do Quintanilla vai por brincos, e cáí onde lle acomoda.

#### ALMAS MORTAS

por ANTÓN VILAR PONTE.

O terceiro volume de *Celtiga* é a novela dialogada do americanismo galego, «cómico-tráxica», dí o autor, e en realidade qu'esta do

americanismo galego é a comedia máis trágica e a traxedia máis cómica que se pode dar no mundo, e Vilar Ponte, que é un dos forxadores da moderna conciencia galega, quixo con crara e nobre sinceridade, erguer o pano pr' amostrala na súa dura realidade.

Esta obra do Vilar Ponte ha ser sen dúbida moi discutida; dende logo, está sendo xa moi comentada. Mais os que teñan ollos pr' ollaren os fenómenos sociais, non poderán menos de recoñecer a fonda verdade qu' encerra *Almas mortas*: a influencia deformadora d' América n-iste corrucho do vasto solar europeo... Compre demostrar esta verdade pra que os nóstros americanos non sexan como son tantas veces malhechores del bien, e deprendan a encañaren ben as súas nobres e xenerosas iniciativas.

Vilar Ponte puxo «o dedo n-unha das maiores chagas abertas e sangrante na nósta terra», e quixo faguelo n-esta forma de novela dialogada, c'unha intriga, poderamos dicir, individualista, unha intriga na vida privada. Pensamos qu' o asunto prestábase ben pra unha intriga qu' abranguese un circo máis amplo, pra unha novela unanímista.

Vilar Ponte puxo «o dedo n-unha das maiores chagas abertas e sangrante na nósta terra», e quixo faguelo n-esta forma de novela dialogada, c'unha intriga, poderamos dicir, individualista, unha intriga na vida privada. Pensamos qu' o asunto prestábase ben pra unha intriga qu' abranguese un circo máis amplo, pra unha novela unanímista.

#### ALBORADA.

É unha nova empresa que dirixe en Pontevedra Xoán Vidal Martines, un escritor novo do que xa

temos falado co gallo do seu libro de versos *Mágoas*. Outros escritores e artistas novos, como Lois Amado Carballo e Manoel Méndes, traballan en *Alborada*. *Alborada* publica ó mes un folletino de 16 páxinas. O primeiro, c' unha capa en linoleum de M. Méndes, traguía a soberbia *Saga do Cabaleiro do San Graal*, do Cabanillas, qu' outrora publicara *A Nosa Terra*.

O segundo trai dúas cousas d' Antón Lousada Diéguez baixo outra capa en linoleum de Castelao.

#### O NOVO XUEZ

por GONZALO LÓPEZ ABENTE.

O poeta de Muxía, que tan motivadas loubas mereceu ó gran crítico francés Philéas Lebesgue pol-a súa obra lírica, danos no carto volume

## NÓTULAS

.. Tentoum' o demo a mercal-os derradeiros *Glosarios de Xenius. Vin e Mediterráneo* cocendo na súa propia exudación cerebral. .. NÓS recibiu dous números de *Contemporánea* que se edita en Lisboa, dirixida por Xosé Pacheco. *Contemporánea* é un primor. .. Se non fora por *Contemporánea*, que trai os dibuxos d' Almada, pode que moitos se non decatasen de que xa hai un post-cubismo. .. Xulio Prieto tráxenos unhas augas fortes, nas qu' amosstra ben o que sabe: Sabe o qu' é a augaforte y-abonda. Abonda, porqu' il sabendo o qu' hai que faguer, saíno. .. Excmo. Sr. Antonio Sardinha: non valia a pena d' escribir *O valor da Raça*, pra logo cair en *Oliveira Martins*... Panhispanize o que queira a V.ª Ex.ª que, gracias a Deus, conosco non vai. .. Señores Portugueses: os hespanhes han dicir *«Leven V.ª Ex.ª en boa hora, pra Lisboa ó Sr. Conde de Romanones y-empanenno n-unha libra de masa... Por min empanen tamén ó Sr. Carracido.* .. Zuloaga díxo da Naiciña d' Asorey qu' en escultura y-en pintura era a obra da Exposición de Madrid, Asorey non tivo qu' ir alá pra tranfar: vivo e traballa na terra, porque a súa forza é a da Terra. .. Valenciáns, defensores da vosa Fala: pra vós a nósta cordial solidariedade. .. Sr. Maeztu: o Nazionalismo non é de ante nín de mañán; non está sometido á moda... Pol-o demais, xa sabemos qu' o Nazionalismo foi superado... pol-a Pedanteria. ..

VICENTE RISCO

da biblioteca ferrolán un simples cadro de costumes, unha noveliña, caxequ' un conto, sen transcendencia, de gusto un pouco pasado. É do mesmo gusto que *O Diputado por Veíramar* e qu' outra novela publicada en *A Nosa Terra*, e como elas, está moi ben escrita. As impresións de noite da vida mariñeira están moi ben suxeridas, e o estilo é nobre com' o dos sonetos clásicos qu' agora fai o autore, algún dos que publicouse n' este boletín. Aínda ten imaxes novas, coma a da luz que cai dos faroles «coma un peneiro de loura fariña», que son diñas de nota. Mais ó López Abente hai que velo nos seus versos.

#### CAMIÑANTES.

É a leenda da nosa Raza, os fillos de Linn e de Gael, no seu eterno camiñar atrás do sol, en demanda do lonxe: «Pouco fixeron os homes cativos que quixeron poñer un lindeiro ó desexo. Elquí y-alí, en toda a parte y-en ningures é inesquecible a ferida que levan na y-alma os fillos de Gael»... Leenda que é a Estoria, porque toda a Estoria da y-alma celta, achase resumida n' esta leenda, da qu' Antón Lousada foi o vidente, e quer ser pra nós o *mystagogo*. O neoceltismo que sinalamos máis enriba na literatura galega de hoxe—a *Saga* do Cabanillas, a tradución de Lovey Chisholm por M. F. Barreiro, os estudos arqueolóxicos e pre-estóricos de Florentino L. Cuevillas—achará na leenda de Lousada unha contribución-guía. Endexamáis apelaremos d'abondo ás tradicións centrais da raza de Gael.

*Amanecer*, que sigue a *Camíñantes* no segundo volume d' *Alborada*, é un conto de fonda sensibilidade: a cidade deitando na aldea a noventa podre cosmopolita dos *Palace Hotel* dos *Grandes Casinos* e das *saïsons*, e a morte que interven pra ceibar unha alma pura da sedución da dourada lama da civilización.

#### INFANTA

por MANOEL DE FIGUEIREDO.

Iste é outro cantar. Coa traxedia do Manoel de Figueiredo, tornamos á nosa tradición, ó noso mito: un poema étnico, unha nova versión do sentido espiritual das Descobertas...

Coñeciamos d'í a *Oração da Raça*, libríño signado pol-a Cruz e pol-as Quinas, ond' a y-Alma lusiada pedía a Deus perdón pol-os seus sons perdidos nas rutas enganosas do Oriente...

No noso número derradeiro, falábase de *A Horda* de João de Castro. Caxequ' á un tempo tivemos coñecimento d' estes dous escritores, que se nos revelaran respectivamente coa *Oração da Raça* e coa *Rainha Santa*, e collímoslle lei, e chegamos á ter por íles unha predilección da qu' íles son ben merecentes. Caxequ' á un tempo, tamén chegaronnos *A Horda* e *Infanta*. E xuntos quixéramos erguer os dous nomes ó posto que íles é debido nas Letras.

*Infanta*—traxedia simbólica d' un tono belamente vago e un pouco maeterliniano—é, según o autor: «o triunfo eterno da Raça perante o Mundo, os Homens e o Destino». É unha nova afirmación, da fe qu' a millor parte da

mocidade portuguesa opón ó desvaír de tantos outros que se perden en pasaxeiras creacións d' unha arte sen ouxeto... Aínda esta fe aparece tentada pol-o incitamento d' aquel camiño de gloria e cecais de morte... A quen seguir, ó sono da Infanta, ou ás voces do Agoiro?... Mais sempre nos ha salvar a fe na pervivencia da Raza.

O espírito criador d' estes libros nono é somentes na orde literaria; n-un pobo que non estea de todo entregado á morte e deixado da man de Deus, estes libros teñen unha aución mesiánica.

#### CUENTOS DE LA TIERRA

pol-a CONDESA

DE PARDO-BAZÁN.

A «Editorial Atlántida» de Madrid, que dirixe un galego de moito talento e de gran cultura, Leandro Pita Romero, publicou esta obra póstuma da gran escritora. Coma non imos dicir agora o moito qu' hai que dicir, en ben y-en mal, da prestixiosa galega—o xuício das novas xeneracións da nosa Terra en coída a súa obra e da súa posición, aínda non se ten pronunciado, mais non imos nós adiantalo n-unha nota bibliográfica—diremos somentes o que pensamos d' estes contos. Hai n-íles cousas boas: *La Corpana*, *Atavismos*, *Siglo XIII*, *La Deixada*; mais hai moitos dos que temos que dicir que non teñen chiste ningún... E que si a Condesa de Pardo-Bazán amaba á Terra galega, amaba coma turista, e cecais tamén coma propietaria.

#### LA LUNA, EL ALMA

Y LA AMADA

por XAVIER BÓVEDA.

Poemas d'amore... Agora xa non se fan cousas d' esas. *Clair de lune* aínda máis *arriéré* do que o simbolismo, do qu' aínda viven tantas cousas... Intresa aínda á xente o qu' un poeta non teña carta da súa noiva?... Xavier Bóveda pensa que si, e confíanos as súas coitas de namorado romántico, século XIX... Nós, coma coídamos qu' a beleza vai xunta ó intrínseco, seguimos preferindo as cousas barrocas do *Epistolario romántico y espiritual*, embora iste primeiro libro do autor non sexa tan clásicamente acabado com' o que motiva estas liñas. N-esto, o novo libro de Xavier Bóveda indica unha madurez da técnica e unha compenetración da forma coa emoción qu' espresa, que nós aplausamos. *La luna, el alma y la amada* leva unhos xúrdios graneros de M. C. Fernández Mazas.

#### A TRAVÉS DE GALICIA

por DANIEL MARTÍNEZ

FERRANDO.

En troques, un pouco máis que coma turista, coma peregrin apaixonado, inda que non de todo, fala iste valenciano que tiña pra simpatizar conosco, o cobizar íl tamén a liberdade da súa

terra... Daniel Martínez Ferrando, que viviu algún tempo en Galiza, percorreuna y-estudouna, e dos seus viaxes iba facendo crónicas que publicaba nos xornaes galegos. Iste libro é unha recolleita d'esas crónicas e impresións de viaxe.

Ten un estilo craro e sinxelo, non pon máis verbas qu'as precisas, e as súas observacións son xustas: «Vigo... parece como una ciudad que no está segura de donde se halla...» «Hemos llegado a Redondela, y se paró el tren, pero se ha parado como para no volver andar más...» «En Orense... los edificios no tienen las pretensiones que en otras ciudades; quizá por esto resultan mejores...» Mais con todo, non deixa d'estar Galiza vista demasiado cos ollos, nin d'estar o libro aínda moi apegado ó aneuótico.

## BODAS DE VINHO

por ANTONIO DE CÉRTIMA.

Sírvanos de disculpa co noso amigo e colaborador o ilustre poeta Antonio de Cértima, que nós, homes d'ínfima latinidade, non queremos nada co clasicismo, nada coa tradición greco-latina que desbotamos de corazón, e coma vinhos dende a escola ouvindo falar ate a fartanza de Xúpiter, de Baco, d'Apolo, das Musas e demais tropa olímpica, non queremos volver oíla nomear máis. Nin podemos perdoar ó Teixeira de Pascoas o dedicar á ises monicacos un canto no *Marínos*, nin ó propio Camões que os fixera intervir na epopeia lusiada. Non; os versos ond' aínda se repiten ises nomes, dannos a impresión d'eixemplos d'un tratado de retórica e poética. Vana o noso amigo celebrar as súas bodas de viño baixo d'outros soles menos deslustrados qu'os dos manidos olimpos clásicos, e nós acolleremos os seus poemas co aprauso que merecen.

## DIAS DE FESTA

por ANA DE CASTRO OSORIO.

É un belo libro d'evocación das festas populares e familiares: *As zancas, o Entroido, Semana Santa, Pascoa Florida, as Ladaiñas; o día dos mortos, o Nadal*, belas festas que son a un tempo festa na rúa e festa no fogar, nas que todos, ó tomaren parte n-elas fan a súa comunión co corazón do pobo, coa tradición, coas sagradas lembranzas da raza... El é iste o punto de vista d'Ana de Castro Osorio n'iste libro?... Non de todo: a súa conciencia áchase un pouco lonxe da verdadeira conciencia popular, da que, se cadra, atópase arredada pol-a súa profesión. En todo caso, sempre iste libro nos ha facer sentir, aínda ó xeito noso, o encanto dos *Días de Festa*. Porque senon sentido con sinxeleza, con sinxeleza están escritos... Porque a sinxeleza do espírito ledo e crente—crente aínda con algo de paganía—ha ser sempre avalada, «terriblemente avalada», pol-a cencia e pol-o ensino?

## LEOMIL

por ANTONIO DE SÉVES.

Antonio de Séves escribe en col da súa Terra, pon «a minha Terra» así, c'un T grande,

e titula o seu libro co nome d'ela: *Leomil*. Nós atopamos isto trascendental, e seica o autor tamén, cando na prólogo di: «conheci o Hipólito Raposo, e... contei-lhe largamente os meus intuitos e o que me parecia necesario pra se criar uma Literatura Portuguesa, forte e cheia de beleza». Elo, aparte do grande mérito que ten, dónalle ó libro d'Antonio de Séves unha importancia, pra nós, capital e d'unha grande eixemplaridade pra certos escritores galegos que quixeran arredárense da aldea e da vida rural pr'escibiren as súas cousas. Pol-a contra, *Leomil* é un libro ruralista—no bo senso da verba—pol-o menos, literariamente. Componse de cousas soltas: *O carreiro, P'las Maias, A Velha Maria, Ao deitar das Aguas, O Pastor, No dia de S. Silvestre e Coisas Ruins*, a primeira, por eixemplo, anaco d'unha novela inacabada. Están feitas na lingua do pobo, e son maxistraes esceas da vida rural, cheias do subríme alento da Terra que n-esa vida alenta e vive.

## REVISTAS

Temos recibido as de sempre e algunhas novas.

Das de sempre, notamos:

### A NOSA TERRA

número do Día de Galiza.

Ben comprido. Volven aparecer Francisca Herrera Garrido, Eladio Rodríguez González, Antón Valcárcel, Euxenio Carré Aldao, Manoel Banet Fontenla, Antón Lousada Diéguez. Tres colaboradores novos: Anxel del Castillo, Xosé García Acuña e Xavier Bóveda.

### HERMES

Julio 1922.

Cousas de Madariaga, Fr. Andrés de Ocasin Lauregui, Aregitar Joseba, Leoncio de Urabáyen, Arthur Symons, Maeztu, Adela Sota.

Das novas:

### CONTEMPORÁNEA

números 1 e 2, Lisboa.

Revista de modernidade, da que temos mentes de falarmos estensamente, porque o merece. Dinos de nota os deseños d'Almada e a súa *Histoire du Portugal por coeur*.

### MANOMÈTRE

Lyon, Francia.

Di: «Enregistrez des idées», «Indiquez la pression sur tous les méridiens...» Pol-o d'agora, non anuncia unha gran presión mental. Trai unha cousa d'intrínseco en col da Arte Azteca... Coidamos que, en col da Arte Nova, compre dicir: «assez de la physique! assez du laboratoire!»

# AVISO OS LEUTORES

## PRECIO DE SUSCRICIÓN

O precio da suscripción do NÓS, incluído o franqueo, é de seis pesetas os doce números na península e de quince pesetas no estranxeiro, ou o equivalente en calquer outra moneda.

O importe da suscripción remítirase ó señor administrador por xiro postal, cheque letra de cambio ou numerario.

As páxinas d' anuncios do NÓS somentes se ceden ós industriais e comerciantes cujos métodos comerciais creemos dínos e honrados; e por isto as nosas ofertas d'anuncio son todas sin compromiso. Si algún lector atopa falsedás ou métodos impropios do comercio, n-algunha das casas anunciadas nas nosas páxinas, estimáremoslle moito nos chame a atención, porque non toleramos que s'anuncie ningunha casa que non seza seria.

## TARIFA D' ANUNCIOS

Insercións soltas d' anuncios: Unha páxina, 60 pesetas; media, 40; tercio, 25; cuarto, 15; octavo, 8, e medio octavo, 5.

Estas insercións no texto e na última páxina da cuberta teñen un aumento no precio do 100%.

Cando se traten de seis a doce insercións farase unha rebaxa do 10%; e cando se traten de doce insercións en adiante a rebaxa subirá ó 15%.

Publicidade: Avisos oficiais, 2 pesetas línea. Informacións gráficas, 400 pesetas páxina e 250 pesetas media páxina. As fotografías e clichés serán de conta dos clientes.

Anuncios breves: Na Guía da Banca, Bolsa, Industria e Comercio, comprendida a suscripción por doce núms., 48 pts. na península e 60 fora.

Na Guía Profesional, comprendida a suscripción á revista por doce números, 36 pesetas na península e 48 fora.

## ABONAMENTO

SR. ADMINISTRADOR DO NÓS

ORENSE

Mui señor meu: Complázome en remitirle \_\_\_\_\_ por  
\_\_\_\_\_ importe da miña suscripción a doce números do boletín.

A miña dirección postal é:

(Provincia de \_\_\_\_\_)

De V. atto. s. s. q. e. s. m.,

NOS

AGUAS MINERO-MEDICINALES  
BICARBONATADO-SÓDICAS  
**MONDARIZ**



CASTELLANO

NÓS

# SERANTES E COMPAÑÍA

FARIÑAS E COLONIÁS

*Ponte Mayor y - Ourense*

¿QUEREDES VESTIR BARATO E CON ELEGANCIA?

Peis, encargade a feitura  
dos traxes na xastrería de

**José María Rodríguez**

**Pereira, 2 - OURENSE**

**Manuel L. Enriquez**

**Médico - Oculista**

asisten, pago pol-o Goberno español,  
as crónicas das Universidades de Zurich  
(Suiza) e Würzburg (Alemania)

Consulta diaria no Hotel Miño :: Ourense

## GRAN CAFÉ "LA UNION,"

O MILLOR SITUADO E DE MAIS CONFORT

**BILLARES - VARIETÉS - SEXTETO**

Nóvos propietarios: MANUEL VAZQUEZ :: EULOGIO ALBERTE

PEREIRA, 13

TELÉFONO NÚM. 61

## SANATORIO QUIRURXICO D' OURENSE

DIRIXIDO POR

**DON MANUEL POL PIÑEIRO**

CO' A COOPERANZA DOS DOUTORES

**D. Francisco José Rionegro :: D. Manuel Bouzo Fernández**

Iste establecemento está situado na carretera da Lonia, e conta con un completo  
gabinete de RAYOS X.

MERQUE VOSTEDE:

NÉVEDA POR FRANCISCA HERRERA GARRIDO

ADORAÇÃO POR LEONARDO COIMBRA

VENTO MAREIRO POR RAMON CABANILLAS

ABRENTE POR VICTORIANO TAIBO

DOUTRINA NAZONALISTA POR RAMON VILAR PONTE

MARANOS POR TEIXEIRA DE PASCOAES

## “A NOSA TERRA,,

BOLETIN DECENAL

Idearium das IRMANDADES DA FALA en Galicia e nas colonias galegas d' América e Portugal

|                             |                              |              |
|-----------------------------|------------------------------|--------------|
| PRECIOS DE SUSCRICIÓN . . . | Na Cruña ó mes. . . . .      | 40 céntimos  |
|                             | Coste d' un número . . . . . | 15 ”         |
|                             | Fora, trimestre. . . . .     | 1'50 pesetas |
|                             | América, id. . . . .         | 2'00 ”       |

REDAUCIÓN Y-ADMINISTRACIÓN: PLAZA DE MARÍA PITA, 17, BAIXO. — A CRUÑA

# CELTIGA

NOVELA MENSUAL  
ILUSTRADA

Números publicados:

SAUDADE ♦ OS CATRO CISNES BRANCOS

Proximo a se publicare:

ALMAS MORTAS

De venta en total-as librerías ó prezo de **0'30** ptas.

**F. Román e Saco**

DROGUERÍA

E FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono, 28

OURENSE

SOBRINOS DE JOSÉ PASTOR

BANQUEIROS

A CORUÑA - VIGO - LUGO - OURENSE

REALIZAN TODA CRAS D' OPERACIOS DE BANCA E CAMBIO

*Os VINOS do Ribeiro*

**ARNOYA FINO**

*Siñifican o máisimun da "delicadeza,,*

*BODEGAS da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes.-OURENSE*